



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés

Materia	Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés			
Código	V01G180V01204			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Urdiales Shaw, Martín			
Profesorado	García Castro, Laura Urdiales Shaw, Martín			
Correo-e	urdiales@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Esta materia ocúpase da lingua instrumental centrándose no desenvolvemento das destrezas de Reading e Writing. Prestaráselles atención á comprensión e á expresión escrita, ás estratexias de cohesión e coherencia textual, aos tipos de texto, aos aspectos retóricos e de organización así como ao uso do vocabulario a través de diferentes temas e textos. Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B1 a B2 de inglés (intermediate to upper-intermediate). O nivel, en competencias escritas (writing skills) para superar esta materia ó final do cuadrimestre será B2 (upper intermediate).			

## Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.

B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C3	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do primeiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
C4	Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.
C5	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos co propósito de englobar as destrezas de comprensión e expresión escrita e oral na comunicación.
C8	Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
3. Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A2	B1	C1		
	A3	B2	C3		
	A4	B4	C4		
		B5	C5		
		B6	C8		
		B7	C23		
		B9			
	5. Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A1	B1	C1	
		A1	B3	C3	
A2		B4	C4		
A3		B5	C4		
A3		B6	C5		
A4		B6	C5		
A4		B7	C8		
A5		B9	C9		
		B10	C10		
		B11			
6. Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de xeito escrito co vocabulario, secuenciación da información, cohesión argumental e estrutura lóxica en parágrafos.		A1	B4	C1	D8
	A3	B5	C3	D10	
	A3	B6	C4		
	A4	B9	C5		
			C8		
9. Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo centrándose no desenvolvemento de varios rexistros / discursos: divulgativo, de opinión, académico, etc.	A1	B5	C1	D4	
	A2	B6	C3	D5	
	A3	B9	C4	D7	
	A3	B13	C5	D9	
	A4		C5		
	A4		C7		
	A5		C8		
			C14		
			C15		
			C23		
			C31		

10. Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticales e léxicos a contextos escritos.	A1	B5	C3	D4
	A1	B6	C4	D5
	A2	B9	C5	D7
	A3		C7	D9
	A3		C8	
	A4		C14	
	A4		C15	
	A5		C23	
			C31	
	- Introducción ao uso correcto de bibliografías, formatos bibliográficos (stylesheets) e fontes secundarias nun rexistro académico en lingua inglesa.	A3	B5	C3
	A4	B6	C4	
	A5	B9	C8	

### Contidos

#### Tema

1. Introduction to types of writing in English.
2. Simple Writing Structures: the paragraph.
3. Complex Writing Structures: from Paragraph to Essay.
4. Types of Essay: their function and aims.
5. Descriptive essays: definition and practice.
6. Narrative Essays: definition and practice.
7. Opinion Essays: definition and practice.
8. Comparison and Contrast Essays: definition and practice.
9. Cause and Effect Essays: definition and practice.
10. Conventions of Academic Writing: an outline.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	13	0	13
Lección maxistral	12	0	12
Traballos de aula	12	48	60
Resolución de problemas	9	30	39
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	6	20	26

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia.
Lección maxistral	Explicacións sobre os distintos aspectos tratados no curso.
Traballos de aula	Exercicios de distintos tipo de redacción feitos na aula (avaliables)
Resolución de problemas	Cuestións específicas sobre redacción, puntuación, sintaxe, coherencia, etc. (non avaliables)

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	O alumnado consulta as dúbidas sobre a materia, exercicios ou proceso de aprendizaxe. Consultas sobre o contido da materia e aplicación dos conceptos teóricos. Revisión de probas. Non hai consulta remota (via correo-e)
Resolución de problemas	O alumnado consulta as dúbidas sobre a materia, exercicios ou proceso de aprendizaxe. Consultas sobre o contido da materia e aplicación dos conceptos teóricos. Autocorrección. Non hai consulta remota (via correo-e)
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O alumnado consulta as dúbidas sobre a materia, exercicios ou proceso de aprendizaxe. Consultas sobre o contido da materia e aplicación dos conceptos teóricos. Revisión de probas. Non hai consulta remota (via correo-e)

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Traballos de aula	Redacción e exercicios sobre writing skills que se elaboran na aula, previa notificación de datas.	60	A1	B1	C1
			A2	B4	C3
			A3	B5	C4
			A4	B6	C5
			A5	B7	C8
				B9	
				B10	
				B11	
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba final	40	A1	B1	C1
			A2	B4	C3
			A3	B5	C4
			A4	B6	C5
			A5	B7	C8
				B9	
				B10	
				B11	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

- O alumnado que opte por avaliación continua terá que facer, ao longo do curso, **tres exercicios escritos avaliáveis** na aula (en condicións de exame), que terán unha puntuación progresiva, dende o 25% (o primeiro) o ata o 35% (o último). Estas probas realizaranse a intervalos regulares, entre a terceira e quinta semana (1ª proba), entre a sétima e novena semana (2ª proba), e entre a undécima e duodécima semana do curso. Reservarase, a criterio exclusivo do profesor, un 10% de cualificación para premiar a participación activa en exercicios de corrección nas clases P. **A mera asistencia a clase non ten asignada avaliación, e non debe confundirse con participación activa.**
- Esta materia ten un nivel de acceso de **B2 (Independent User - Advanced)** no ámbito das destrezas de expresión escrita. Pódese consultar a escala de niveis en *Common European Framework of Reference for Languages* (véxase CEFR: [http://www.coe.int/t/dg4/linguistic/cadre1\\_en.asp](http://www.coe.int/t/dg4/linguistic/cadre1_en.asp)).
- Non existe obriga de asistir a un mínimo de clases, pero a non asistencia ás clases nas que teñan lugar exercicios escritos avaliáveis, implicará a perda desa porcentaxe de nota (salvo enfermidade / causa debidamente xustificada, nese caso buscarase unha data alternativa para a redacción do exercicio).
- Pasada a data da primeira proba avaliável sen comparecencia, sen xustificación por forza maior (enfermidade, etc) o alumnado, sexa erasmus / outros convenios ou alumnado da UVigo, perde o dereito a avaliación continua e pasará automaticamente a avaliación única (ver 6, 7).
- Tódalas clases nas que teñan lugar probas avaliáveis, dentro do calendario estipulado arriba, serán anunciadas coa debida e suficiente antelación tanto **nas propias clases presenciais como na plataforma Faitic.**
- A avaliación realízase exclusivamente por porcentaxes matemáticas (**non por exames / seccións**) polo que un resultado global de suspenso na 1ª edición de actas implica un nivel xeral **insatisfactorio** e require examinarse de novo en segunda edición de actas da materia completa.
- O alumnado que dende o principio **non opte** a avaliación continua, ou **perda o dereito** a ésta por incorporarse tarde (v.gr. pasada a 1ª proba obrigatoria, véxanse puntos 1 e 4) será examinado mediante unha proba única que aglutinará todas as competencias escritas estudadas en clase (incluíndo a redacción dun *essay*), e que computará como o 100% da nota. Terá dereito a este exame tanto en 1ª como en 2ª convocatoria.
- O alumnado que inicie a avaliación continua (v.gr. presentándose ao primeiro exercicio escrito) e posteriormente a abandone por non comparecer os demais, será **cualificado en 1ª convocatoria**, entendéndose que asumiu o sistema de avaliación continua para 1ª edición de actas. Este alumnado, polo tanto, só poderá presentarse ao exame global en 2ª convocatoria.
- A edición de actas de xullo constará dun exame composto por varias probas escritas, que de xeito máis sintético que a avaliación continua, avaliará tódalas competencias escritas avaliadas desta materia. O alumnado ten que prever un tempo máximo de realización deste exame de **2 horas 30 minutos**. Lémbrese que, conforme a normativa deste centro, **non se modificará a data deste exame por coincidencia con outra convocatoria de exame de xullo doutra materia de Linguas Estranxeiras**, dado que o profesorado non ten máis obriga que a de cumprir o calendario oficial de exames determinado pola Facultade de Filoloxía e Tradución.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Davis, J., **Effective Academic Writing 3: The Essay.**, Oxford UP, 2006

Mnarczyk, R. and S. Haber, **In Our Own Words.**, 3ª, Cambridge UP, 2005

Thomas, B. and L. Matthews P, **Vocabulary for First Certificate with answers.**, Cambridge UP, 2007

VVAA, **Cambridge Advanced Learners Dictionary**, 4ª, Cambridge UP, 2013

Boyle, M. and Warwick L, **Skillful Reading and Writing: Student's Book level 4**, N/d, Macmillan,

Hewings, M, **Advanced Grammar in Use**, 3ª, Cambridge UP, 2015

### **Bibliografía Complementaria**

Anderson, C, "**The Shape of Content.**" In: **Free/Style: A Direct Approach to Writing**, Houghton, 1992

English, A. and L. M., **North Star Reading and Writing: High Intermediate.**, 2ª, Longman, 2004

Eschholz, P. and A. Rosa, **Subjects and Strategies: A Writer's Reader**, 11ª, Bedford/St. Martin's, 2008

Georgakopoulou, A. and D. Goutsos., **Discourse Analysis: An Introduction**, 2ª, Edinburgh UP, 2004

Georgakopoulou, A. and D. Goutsos., **Discourse Analysis: An Introduction**, 2ª, Edinburgh UP, 2004

McCarthy, M, "**Aspects of Vocabulary Learning.**" In: **English Vocabulary in Use (Advanced)**, Cambridge UP, 2002

McCarthy, M., "**Connecting and Linking Words.**" In: **English Vocabulary in Use (Upper-Intermediate).**, Cambridge UP, 2001

PURDUE UNIVERSITY., **THE ONLINE WRITING CENTER (OWL)** <http://owl.english.purdue.edu/>, Purdue Univesity,

Zemach, D. and L. Rumisek., **Academic Writing: From Paragraph to Essay.**, N/d, Macmillan, 2003

VVAA, **Cambridge Word Selector**, calquera imp., Cambridge, 2001

VVAA, **Collins English Dictionary**, 10ª, Harper Collins, 2009

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

#### **Outros comentarios**

Recoméndase o uso habitual da biblioteca, onde se poden atopar libros en formato papel. A lectura frecuente de textos en inglés (xornalísticos, literarios, de divulgación, etc) e de vital importancia para apoiar o desenvolvemento das competencias desta materia.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.